

**1º.—MODIFICACIÓN PARCIAL ORDENANZA REGULADORA IMPOSTO CONSTRUCCIÓN,
INSTALACIÓN E OBRAS**

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do ICIO nos termos que figuran no expediente coa redacción que se recolle de seguido:

ARTIGO 6º. BASE IMPOÑIBLE

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra; e se entende por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquela.

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre o custo de execución material.

A base imponible para esta liquidación determinarase en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo Colexio Oficial correspondente cando elo constituía un requisito preceptivo. Noutro caso, a base imponible será determinada pola oficina técnica municipal en función dos módulos previstos na presente ordenanza, e que figuran como anexo da mesma.

ANEXO.—MÓDULOS PARA CÁLCULO DE ORZAMENTOS DE OBRAS MENORES

1.—Demolicións:

1.1. Demolición de muros de pedra:	17,15 €/m ²
1.2. Demolición de tabiques:	5,44 €/m ²
1.3. Levantado de solainas:	6,96 €/m ²
1.4. Picado de azulexados e revestimentos:	7,10 €/m ²

2.—Movemento de terras:

2.1. Apertura de zanzas para inst. zonas pavimentadas:	3,15 €/ml
2.2. Apertura de zanzas para inst., zonas sen pavimentar:	3,37 €/ml
2.3. Escavación en desmontes:	3,61 €/m ³
2.4. Recheo:	1,50 €/m ³

3.—Peches:

3.1. Peche de postes e malla:	15,52 €/ml
3.2. Peche de bloques:	35,00 €/ml
3.3. Peche de pastas:	45,00 €/ml
3.4. Peche de perpiaño ou mampostería:	75,00 €/ml
3.5. Peche de muro de formigón:	100,00 €/ml

4.—Cuberta:

4.1. Demolición de cuberta de tella:	4,69 €/m ²
4.2. Entramado de cuberta:	25,31 €/m ²
4.3. Cuberta de fibrocemento:	18,58 €/m ²
4.4. Cuberta de tella:	31,11 €/m ²
4.5. Retello:	25,00 €/m ²
4.6. Retello e cambio de armazón:	50,00 €/m ²
4.7. Canelóns e baixantes:	30,00 €/ml
4.8. Chimenea:	400,00 €/UD

5.—Albanelería:

5.1. Formigón en masa:	97,64 €/m ³
5.2. Soleira armada:	20,47 €/m ²
5.3. Muro de bloque:	31,73 €/m ²
5.4. Muro de ladrillo (tabiquería):	18,01 €/m ²
5.5. Cerramento de dobre folla de ladrillo:	35,93 €/m ²
5.6. Enfoscados:	10,00 €/m ²
5.7. Chapado de pedra:	60,00 €/m ²
5.8. Azulexado:	24,68 €/m ²
5.9. Solaina:	34,82 €/m ²
5.10. Encintado cantería	5,00 €/m ²

6.—Pinturas:

6.1. Pintura interior:	4,48 €/m ²
6.2. Pintura exterior:	8,13 €/m ²

7.—Galpóns:

7.1. Galpón de bloque ou ladrillo:	100,00 €/m ²
7.2. Galpón de madeira:	72,62 €/m ²
7.3. Galpón de pedra:	200,00 €/m ²

8.—Carpintería:

8.1. Carpintería exterior de aluminio:	200,00 €/m ²
8.2. Carpintería exterior de PVC:	225,00 €/m ²
8.3. Carpintería exterior de madeira:	250,00 €/m ²
8.4. Fiestra en plano de tellado:	484,00 €/Ud
8.5. Peche de balcóns e terrazas con galería:	162,33 €/m ²
8.6. Reixa de seguridade en portas e fiestras:	56,47 €/m ²
8.7. Portal:	146,24 €/m ²

9.—Instalación de fontanería e saneamento:

9.1. Acometida tipo medio:	350,00 €/Ud
9.2. Instalacións en aseo (sen aparatos sanit.):	186,30 €/Ud
9.3. Instalacións en baños (sen aparatos sanit.):	253,62 €/Ud
9.4. Instalación de cociña:	224,40 €/Ud
9.5. Reforma cuarto de baño:	562,32 €/Ud
9.6. Lavado incluso billame:	188,35 €/Ud
9.7. Inodoro:	208,19 €/Ud
9.8. Bidé incluso billame:	171,52 €/Ud
9.9. Bañeira incluso billame:	223,49 €/Ud
9.10. Fosa séptica:	1.500,00 €/Ud
9.11. Tubos de canalización de saneamento:	25,57 €/ml

10.—Instalación de electricidade:

10.1. Instalación de electricidade: 1.987,00 €/Viv

11.—Instalación de calefacción:

11.1. Instalación. Mínimo ata 100 m2: 3.804,15 €/Ud
13,87 €/m²

12.—Pozos:

12.1. Pozo de barrena: 1.314,14 €/Ud

13.—Varios:

13.1. Ocupación vía pública con materiais de construción, escombros, vallas, andamios, etc.:
0,32 €/m²/día (mínimo 10,65 €/día)

13.2. Grúas, etc.: 0,60 €/m²/día (mínimo 10,65 €/día)

Nota: No caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas aquí tipificadas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo, salvo que o suxeito pasivo aduza razóns suficientes para desestimar a valoración realizada.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente modificación parcial da ordenanza reguladora do ICIO, aprobada polo Pleno do Concello de Campo Lameiro, en sesión celebrada en data 26 setembro de 2012, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor até que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**2.—APROBACION ORDENANZA REGULADORA VENTA AMBULANTE
CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.**

Ao non se ter presentado reclamacións no prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal reguladora da Venda Ambulante de Campo Lameiro, cuxo texto íntegro se fai público, para xeral coñecemento, e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ARTIGO 1. OBXECTO

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da venda ambulante ou non sedentaria que se realiza por comerciantes, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, fóra de establecemento permanente, con instalacións desmontables, transportables ou móbiles, incluíndo os camións tenda, en lugares e datas previamente autorizados no termo municipal de Campo Lameiro.

A devandita ordenanza apróbase en cumprimento do disposto nos artigos 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 1.2 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais; na Lei 1/1996, do 5 marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, no Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria. Así mesmo, tivéronse en conta os principios da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

ARTIGO 2. MODALIDADES

O exercicio da venda ambulante ou non sedentaria poderase realizar nalgunha das seguintes modalidades: